



TÍTULO V CORPORACIONES LOCAIS

VI. TÍTULO V CORPORACIÓNS LOCAIS

VI.1. CAPÍTULO ÚNICO. Financiamento e cooperación económica coas corporacións locais

Artigo 55º.-*Créditos asignados ás corporacións locais.*

O montante total dos créditos que se asignan ás corporacións locais nos estados de gastos que se detallan no artigo 2 desta lei, derivados da súa participación no Fondo de Cooperación Local e da subscrición de convenios e da concesión de subvencións, ascende a 356.540.559 euros, coa distribución funcional que figura no Anexo 3.

Artigo 56º.-*Participación das corporacións locais nos tributos do Estado.*

Co obxecto de adecuar os estados orzamentarios á natureza da estricta función de intermediación que desenvolve a comunidade autónoma na xestión da participación dos concellos e deputacións provinciais nos tributos do Estado, non se consignará crédito para tal finalidade e a mencionada participación xestionarase conforme o sinalado no punto 4 do artigo 46 do texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 57º.-*Dotación do Fondo de Cooperación Local.*

Un.- O crédito orzamentario inicial destinado ao pagamento das entregas a conta correspondentes a participación das entidades locais nos tributos da comunidade autónoma, ascende a 112.972.805 euros.

Dous.- A comunidade autónoma poderá reter das cantidades que lles correspondan aos concellos como participación no Fondo de Cooperación Local, para a súa posterior compensación, o importe das débedas firmes, líquidas e esixibles, contraídas polos concellos coa comunidade autónoma, cos seus organismos autónomos, coas axencias públicas e coas entidades de dereito público da comunidade autónoma que non teñan que adecuar por lei a súa actividade ao ordenamento xurídico privado.

Así mesmo, esta retención e compensación practicarase respecto das cantidades correspondentes a achegas dos concellos que, en virtude de convenio coa Xunta de Galicia e coas súas entidades de dereito público, tiveran, expresamente atribuído, o seu carácter de firmeza, liquidez e esixibilidade.

Tamén os concellos, mancomunidades e consorcios que xestionen servizos en común poderán solicitar a Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de facenda, a retención, compensación e ingreso na súa tesourería das cantidades do Fondo de Cooperación Local dos concellos debedores que correspondan coa súa obriga de participar no financiamento e sostemento do custo de xestión e mantemento do servizo en común. A solicitude será asinada polo Alcalde ou polo Presidente da entidade local, acompañando certificación do responsable da recadación, na que se faga constar o importe da débeda pendente de pago polo concello e indicación expresa da data na que venceu o período pactado para o pago.

Artigo 58º.-*Transferencias derivadas de convenios ou subvencións.*

As transferencias ás entidades locais de Galicia derivadas da subscripción de convenios ou da concesión de subvencións, que figuran recollidas nos diferentes programas dos estados de gastos que se detallan no artigo 2 desta lei, ascenden a 356.540.559 euros, coa distribución funcional que figura no anexo 3.